

**EXTRACTO DE ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 5 DE FEBREIRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.


**1.- LICENZA DE OBRA.**

**1.1.-** Acordouse aprobar o informe de data 16/10/15, dos Servizos Técnicos Municipais en relación coa solicitude de licenza municipal para o cerramento dunha parcela sita na rúa Colón, 31 – Lalín.

**2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**

**2.1.-** Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para instalación de tubo de paso de auga en Debesa de Abaixo, Losón, Lalín.

**3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**



**3.1.-** Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista o contrato administrativo denominado “SERVIZO DE DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN, CONTROL E PREVENCIÓN DE LEXIONELOSE EN EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DE RISCO E CONTROL DAS CONDICIÓNS TÉCNICO SANITARIAS NAS PISCINAS MUNICIPAIS DE LALÍN”.

**3.2.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE LALÍN”.

#### **4.- FACTURAS E CONTAS.**

**4.1.-**Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00012 por un importe de 34.830,25 €.

#### **5.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**5.1.-** Acordouse estimar en parte a reclamación patrimonial formulada e recoñecer o seu dereito a recibir do Concello de Lalín unha indemnización por importe de 2.281,08 euros.

**5.2.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento “*ACONDICIONAMENTO NOS CENTROS SOCIAIS DE MUIMENTA, LOSÓN E LODEIRO.*”

**5.3.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento “*RECRECIDO PAVIMENTO PISTA DO SOUTO-XAXÁN.*”

**5.4.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento “*ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO DE ACCESO NO CEIP XESÚS GOLMAR.*”

**5.5.-** Acordouse aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha Bolsa de Emprego para varios postos de persoal do Concello de Lalín.

**5.6.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de contratación de 34 traballadores correspondentes ao IIº PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO



Secretaría Xeral  
DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015.

5.7.- Acordouse aprobar o Convenio de adhesión á programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios a desenvolver no Salón Teatro de Lalín.

5.8.- Acordouse dar de alta no programa de Xantar na Casa para a seguinte persoa: DNI 35161010-J.

5.9.- Acordouse proceder ao cambio de titularidade do vado permanente nº 528.

5.10.- Acordouse proceder ao cambio de titularidade do vado permanente nº 618.

## **6.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

6.1.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada o día 18 de xaneiro de 2016, punto 7.7. propostas dos Sres. Concelleiros Delegados.

## **7.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

7.1.- Acordouse solicitar ao ADIF a cesión de uso a este Concello de Lalín de xeito gratuíto ou por un prezo simbólico polo prazo de cincuenta anos para destinalo a fins de interese xeral, da parcela ou terreo antes descrita de 239.805 m2.

7.2.- Acordouse solicitar ao ADIF a cesión de uso a este Concello de Lalín de xeito gratuíto ou por un prezo simbólico polo prazo de cincuenta anos para destinalo a fins de interese xeral da parcela ou terreo antes descrita de 131.447 m2.

7.3.- Acordouse conceder autorización municipal para a pernoctación na pavillón municipal dun grupo de 30 peregrinos de Alicante o día 3 de abril de 2016, saíndo o día seguinte 4 de abril de 2016 de madrugada.

7.4.- Acordouse conceder autorización municipal para poder circular nas zonas peatonais co fin de realizar o servizo de reparto a domicilio.

-----

